

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE**

**ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA
19 DE DECEMBRO DE 2018**

Apróbase por asentimento¹:

- (i) A acta da reunión anterior (07-IX-2018).
- (ii) O Informe de accións de coordinación do Máster universitario en Avogacía do curso académico 2017/2018.
- (iii) O prazo de solicitude de defensa de TFM's na primería oportuidade: do 14-1-2018 á 18-1-2018; e os Prazos na segunda oportuidade: Solicitude: 24 a 28 de xuño; defensa: 8 e 9 de xullo.
- (iv) O orzamento do Máster do ano 2019.
- (v) A seguinte táboa de delegacións:

| Delegacións (con carácter temporal indefinido) de funcións da C.A.M.A (sen prexuízo da posibilidade de avocación a proposta de calquera membro da mesma) | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| a) Na coordinación do Máster | |
| COMPETENCIA DELEGADA | |
| <ul style="list-style-type: none"> • A elevación a definitiva da listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os, suplentes e excluídas/os no Máster Universitario • Terceiro prazo de matrícula. • Informe para solicitudes fóra de prazo. • Cronogramas das materias e modificacións concretas posteriores que poidan ser necesarias. • Cuestións relativas ao TFM. • Cuestións relativas ao PAT. • Organización da Xornada de acollida. • Organización do acto de graduación. | |
| b) Na Coordinadora académica | |
| COMPETENCIA DELEGADA | |
| <ul style="list-style-type: none"> • As decisións sobre os cambios de data ou hora de exames por causas xustificadas. • O calendario de actividades docentes, incluíndo a aprobación da Xornada de acollida | |
| c) No Coordinador profesional | |
| COMPETENCIA DELEGADA | |
| <ul style="list-style-type: none"> • A resolución definitiva da asignación dos despachos e a designación de titores académicos ao alumnado do Máster. • Cuestións relativas ao desenvolvemento das Prácticas. • A elaboración do Plan de Prácticas Externas e os anexos correspondentes | |

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Mestrado (despacho núm.4-1, 3º andar).

- (vi) Propoñer as seguintes modificacións (delegando a redacción final na coordinación do Máster):
- a) Modificar a cláusula quinta do convenio, para mellorar a compensación económica da Universidade ao Colexio de Avogados.
 - b) Eliminar (por innecesaria) a Comisión de dirección.
 - c) Mellorar contidos en canto a prácticas profesionais.
 - d) Modificar o apartado 8º da cláusula quinta (que a sinatura dos documentos alí incluídos corresponda ós coordinadoras/es e non ás/ós decanas/os)
- (vii) Trasladar a análise da proposta de modificación de proba de acceso á avogacía a unha próxima sesión extraordinaria.

Ourense, 19 de decembro de 2018

O SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA

Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo



Roberto O. Bustillo Bolado

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.